




Curso 2012/2013  
**LUGO**

**actividades  
para escolares**

**Xaneiro/maio**



**novacaixagalicia**



**Concello de Lugo**

Concellería de Cultura  
e Turismo

#### INFANTIL

Teatro - *A CAIXA DE MÚSICA*. Viravolta Títeres

#### 1º CICLO DE PRIMARIA

Teatro en inglés - *HAPPY EVER AFTER*. Blue Mango Theatre

#### 2º CICLO DE PRIMARIA

Teatro - *MALAS PALABRAS*. Katarsis Educación Teatro

#### 3º CICLO DE PRIMARIA

Teatro - *EL CAMINO DEL LOBO*. Zarándula Producciones

#### COLECCIÓN PERMANENTE

Mostra - *COORDENADAS NA ARTE GALEGA*  
• Desde educación infantil

#### MEDIO AMBIENTE

Naturnova - CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL  
• A partir de 1º ciclo de primaria



**novacaixagalicia**

## INFANTIL



### A CAIXA DE MÚSICA VIRAVOLTA TÍTERES

Dirixido a: 3 a 6 anos  
Duración: 50'

- Teatro de títeres

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

2 de maio de 2013  
Horario: 10.00 e 12.00 h.

Icía e Salterio, xogando, estragan a caixa de música de Calderón, vello músico que toca na praza. Apesurada, Icía buscará a xeito de arraxala topando uns habilidosos personaxes, Anacruso e Arpexio, que lle poden prestar “gran axuda”. Un espectáculo con música en directo e visualmente atractivo debido á iluminación e ás cores refletantes na luz negra.

## 1º CICLO DE PRIMARIA



### HAPPY EVER AFTER BLUE MANGO THEATRE

Duración: 60'

- Teatro en inglés

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

13 de marzo de 2013  
Horario: 10.00 e 12.00 h.

Aventuras dun príncipe azul na procura da súa princesa... Pois si, o bico do príncipe espertou a bela durminte e viviron felices para sempre... Ou non? Seguimos as aventuras do desventurado príncipe Neville mentres busca por todo o campo unha princesa con quen casar. No camiño atópase con Brancaneves, Rapunzel e, ademais, cunha malvada bruxa que no lles permitirá ser felices para sempre. Pedímoslles aos estudantes que canten e se divirtan con nós, axudando a Neville a encontrar a moza dos seus soños.

## 2º CICLO DE PRIMARIA

- Teatro

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

29 de xaneiro de 2013  
Horario: 10.00 e 12.00 h.

Esta é a historia de Flor unha escritora que, desde o seu escritorio, nos conta como descubriu o segredo mellor gardado polos seus pais: a súa adopción. Cando tiña 9 anos, a Flor e o seu amigo o Pelos encantáballes buscar malas palabras no dicionario. A mesma curiosidade levou a Flor a descubrir que os seus pais non eran os seus pais, que os seus avós non eran os seus avós, que os seus tíos non eran os seus tíos... Flor era adoptada. Flor pasa por unha etapa escura, na que pensa que os seus pais a traizoaron e lle mentiron.



**MALAS PALABRAS**  
KATARSIS EDUCACIÓN TEATRO

Duración: 55'

## 3º CICLO DE PRIMARIA

- Teatro

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

17 de abril de 2013  
Horario: 10.00 e 12.00 h.

Tres cómicos ambulantes instalan o seu teatríño nunha cidade do camiño de Santiago e despregan os seus instrumentos, os seus monicreques, as súas trangalladas e as súas pertenzas. Entón, comezan a súa actuación improvisada contando as súas aventuras ao longo do camiño e os contos e cancións que foron recollendo na súa andaina.



**EL CAMINO DEL LOBO**  
ZARÁNDULA PRODUCCIONES

Duración: 60'

## MOSTRA

- Colección permanente

**CENTRO SOCIAL VIGO**

Máximo 25 alumnos por grupo  
Desde educación infantil

Solicitude de reservas durante todo o curso escolar

Novas e refrescantes perspectivas sobre a nosa colección permanente. Unha intensa e sorprendente viaxe da man dos artistas galegos máis novos.

### O XOGO DAS EXPRESIÓNS

Visita-obradoiro desde infantil ata primeiro ciclo de primaria. Aprenderemos a ler nas expresións grazas ás obras dos nosos artistas galegos máis representativos. E no obradoiro, xogas con nós?

### A XINCANA DA ARTE

Visita-obradoiro desde segundo ciclo de primaria a primeiro ciclo de ESO. Investigar, razoar, deducir a partir das pistas... Que gañe o mellor!

### COORDENADAS NA ARTE GALEGA CONTEMPORÁNEA

Visitas-obradoiro para segundo ciclo de ESO, bacharelato e ciclos formativos. Un percorrido por catro partes esenciais de Galicia a través da obra dalgúns dos artistas galegos contemporáneos máis representativos: o mar, a terra, as persoas e a súa relación co mundo.



### COORDENADAS NA ARTE GALEGA

Duración: 60'



**NATURNOVA**  
Centro Interactivo  
de Educación Ambiental

Duración: de 50 a 90 ´

## MEDIOAMBIENTE

- Museo interactivo

### **CENTRO SOCIAL VIGO**

Máximo 45 alumnos por grupo  
A partir do 1º ciclo de primaria

Solicitude de reservas durante todo o curso escolar

Naturnova é un Centro de Educación Ambiental onde podes descubrir, de forma interactiva, como é o mundo que nos rodea e o importante que é coidalo e conservalo. A través dos seus 40 módulos distribuídos en 3 salas (O universo, O noso planeta e O ser humano e o seu medio), poderás investigar sobre temas ambientais. Viaxando ao fondo da ría nun simulador submarino, vendo o sistema solar en movemento, escoitando unha treboada, sobrevoando Galicia, tocando un tornado ou movendo un tren grazas á enerxía solar... Que mellor forma de aprender!

### **VISITA INTERACTIVA**

Visita xeral desde 2º ciclo de primaria a bacharelato. Para gozar de forma interactiva de todas as salas de Naturnova e o submarino, cunha breve presentación inicial.

### **AZUL MARIÑO**

Visita guiada para 1º e 2º ciclo de primaria. Unha viaxe pola auga do planeta azul.

### **VERDE PAISAXE**

Visita guiada para 1º e 2º ciclo de primaria polas salas 2 e 3 de Naturnova

### **NATUREZAS VIVAS-NATUREZAS IMAXINADAS**

Visita guiada para 1º e 2º ciclo de primaria. Combinación dunha visita guiada por Naturnova e outra pola Exposición de arte Coordenadas que inclúe a realización dun taller de arte.

### **QUE NINGUÉN DIGA DESTE AUGA NON BEBEREI**

Actividade guiada para o 3º ciclo de primaria.

### **AS BÁGOAS SON AUGA E VAN AO MAR, ONDE VAN AS NOSAS AUGAS?**

Actividade guiada para ESO.

### **NATURNOVA E A FONTE DE VIDA**

Combinación de dúas actividades en Naturnova para 3º ciclo de primaria e ESO.

Más información: [www.naturnova.obrasocialncg.com](http://www.naturnova.obrasocialncg.com)

## NORMAS XERAIS

[www.escolares.obrasocialncg.com](http://www.escolares.obrasocialncg.com)

Poderán solicitar a participación nestas actividades cumprimentando o formulario de peticións na páxina web.

**O prazo de solicitude de reservas rematará o día 5 de outubro de 2012.**

**Cada centro poderá solicitar as súas reservas para un máximo de 150 alumnos por actividade.**

Por correo electrónico comunicaremos aquelas actividades ás que poderán asistir, con indicación de datas e horas, que serán aceptadas e confirmadas posteriormente polo centro na páxina web.

## PAGO

### ACTIVIDADES ESCÉNICO-MUSICAIS

Prezo por actividade, 1 euro por alumno

Prazo de pago: Ata unha semana antes da actividade

Importante indicar o código de ingreso ao efectuar o pago

### COLECCIÓN PERMANENTE E NATURNOVA

Peticións de reservas durante todo o curso escolar

A través da páxina web

Prezo, 1 euro por alumno e actividade

**Ingreso na conta: 2080 5000 61 3040323643**

## GUÍAS DIDÁCTICAS

Acceso a elas a través da páxina web

## AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

Obra Social Novacaixagalicia - Acción Cultural

Teléfonos: 986 120 089 - 982 289 096